

RESPOSTA DE BATUKO TABANKA

Sinto como un auténtico honor esta oportunidade de falar en representación das Batuko Tabanka e agradezo esta manifestación de apoio á miña condición de emprendedora, moi especialmente nestes momentos de oportunidade para o autoemprego.

En nome das Mestras da Memoria, dou grazas á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega pola convocatoria do premio e ao Xuri pola súa concesión a Batuko Tabanka, moi especialmente neste ano dedicado a Ricardo Carvalho Calero.

Vaian as nosas felicitacións para Emilio Españañero e toda a equipa humana que participa no programa Lume na Palleira.

Por que a migración é un dos maiores cambios históricos? Formulo este interrogante así en voz alta, porque creo que entre nós existe un vínculo común, moito máis aló do marco territorial que compartimos.

As caboverdianas presentes aquí non distamos moito daquelas galegas, emigradas primeiro ao continente americano e despois a varios países da Europa Occidental. Levo toda a miña vida vendo como estas mulleres -fortes e loitadoras- sacan adiante as súas familias, superando todo tipo de dificultades.

As heroínas non necesitan levar capa.

A emigración fai que saian á luz todos os recursos internos de creatividade humana. Somos persoas abrindo camiños para as xeracións seguintes. E isto é así con independencia de que sexamos como a "Txika Bunita" da Élida Almeida ou como as Matriarcas retornadas de Guadi Galego.

Hoxe é un día importante, especial, porque dignificamos as nosas respectivas tradicións -a do Batuko e a do Lume na Palleira- e porque sobre esa dignificación **CONSTRUÍMOS CULTURA EN COMÚN** neste salón de actos da Deputación de Lugo.

Este premio Mestras da Memoria supón o inicio dunha nova etapa. As mulleres de orixe caboverdiana en primeira, segunda ou terceira xeración, dicímosvos:

GRAZAS, de todo corazón.

*Nilda Borges, en representación de Batuko Tabanka,
23 de outubro de 2020*